



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2017/20	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	17 de abril de 2017
Duración	Desde as 20:03 ata as 20:35 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRÉS GARCÍA BASTÓN	SÍ
53171075C	EVA RODRÍGUEZ CALVAR	NON
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	NON
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día



A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 10 de abril de 2017

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 10 de abril de 2017.

Expediente 1189/2017. C-17/06 (OCUPACIÓN VÍA PÚBLICA CON PANTALLAS LED)

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Expediente nº: 1189/2017 C-17/06

Obxecto: Concesión de autorización para a ocupación da vía pública con pantallas dixitais led

Asunto: inicio do expediente

Data de apertura: 10 de marzo de 2017

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a proposta da concelleira de participación veciñal, transparencia e asociacionismo de data 10.03.2017, relativa “*á necesidade de instalar na vía pública pantallas dixitais (leds) para emitir información municipal e publicidade e mellorar así os medios tecnolóxicos dos que dispón a vila, ofrecendo aos comercios da vila un espazo onde dar publicidade dos seus establecementos e negocios*”.

De conformidade co establecido no artigo 109 e a Disposición Adicional Segunda do TRLCSP, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento para a concesión de autorizacións de ocupación da vía pública con dúas pantallas dixitais leds para a emisión de información municipal e publicidade.

SEGUNDO.- Que por Secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

TERCEIRO.- Que polo departamento de Apoio Xurídico se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que han de rexer o proceso de concesión das autorizacións.

CUARTO.- Que polo interventor se emita informe de fiscalización do expediente.

QUINTO.- De ser favorable a fiscalización previa, que se emita informe-proposta de Secretaría ao respecto.



Expediente 1945/2017. Ocupación praia de Rodeira

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE TURISMO, D^a TANIA CASTRO PAREDES, S/OCUPACIÓN DA PRAIA DE RODEIRA O SÁBADO 20 DE MAIO

A empresa "Spartan SGX Pontevedra", ten previsto realizar un evento deportivo o vindeiro día 20 de maio na praia de Rodeira, entre as 15:30 horas e as 20:00 horas. Espérase unha participación aproximada dunhas 300 persoas que realizarán probas de adestramento.

En consideración ao anteriormente exposto propono a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Autorización para que se leve a cabo a realización da proba indicada, nas seguintes condicións:

a) A realización do evento deberá axustarse á descrita na memoria e nos deseño presentados por B.P.A., representante de "Spartan SGX Pontevedra".

b) Esta autorización non exime da obtención doutros permisos ou licencias que legalmente procedan.

d) Calquera alteración que se lle poida ocasionar ao dominio público, será da exclusiva responsabilidade de "Spartan SGX Pontevedra".

A Xunta de Goberno Local, acorda o seguinte:

Primeiro.- Informar favorablemente a solicitude realizada pola empresa "Spartan SGX Pontevedra" para a realización dun evento deportivo o vindeiro día 20 de maio na praia de Rodeira, entre as 15:30 e as 20:00 horas, debendo axustarse ás condicións establecidas na proposta da concelleira de Turismo transcrita na parte expositiva deste acordo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á empresa "Spartan SGX Pontevedra" e ao Servizo Provincial de Costas de Pontevedra, por ser este organismo titular da praia de Rodeira.

Expediente 1841/2017. X-16/04 (DEMANDA DE CLASIFICACIÓN PROFESIONAL)

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Tomar coñecemento do Decreto ditado polo Xulgado do Social nº 4 de Vigo o día 29.03.2017 no procedemento sobre clasificación profesional nº 355/2016, tendo por rematado o referido procedemento (expediente concello: X-16/04).



Expediente 1191/2017. C-17/07 (SERVIZO MEDIACIÓN SEGUROS PRIVADOS)

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Expediente nº: 1191/2017 C-17/07
Contrato: servizo de mediación de seguros privados
Asunto: inicio do expediente
Fecha de Iniciación: 11 de abril de 2017

O Concello de Cangas ten a necesidade de contratar a prestación do servizo de asesoramento e mediación de contratos de seguros privados de conformidade co establecido na Lei 26/2006, do 17 de xullo, reguladora da actividade de mediación de seguros e reaseguros privados.

Este servizo abranguerá a mediación en operacións de seguro, en calquera das súas fases, preparatoria e de seguimento, así como a posterior asistencia ao tomador dos seguros, aos asegurados e aos beneficiarios, segundo as necesidades que xurdan ou se expoñan, debendo o adxudicatario asumir a asistencia e asesoramento nos sinistros históricos que permanezan abertos no momento da adxudicación.

Dada a característica do servizo considérase como procedemento mais adecuado o procedemento aberto e oferta economicamente mais vantaxosa.

Por todo o exposto, de conformidade co establecido no artigo 109 e a Disposición adicional segunda do TRLCSP, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento de contratación do servizo de asesoramento e mediación de contratos de seguros privados.

SEGUNDO.- Que por Secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

TERCEIRO.- Que polo departamento de Apoio Xurídico se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que han de rexer o contrato e o proceso de adxudicación.

CUARTO.- Que polo interventor se faga, no seu caso, a retención de crédito que acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a realización deste contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

QUINTO.- De ser favorable a fiscalización previa, que se emita informe-proposta de Secretaría ao respecto.



Expediente 254/2017. MERCADIÑO MUNICIPAL 2017

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

PROPOSTA DE PRÓRROGA DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE PARA O ANO 2017

I.-O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP da provincia de Pontevedra nº 67 do 8 de abril de 2013) no seu capítulo IV prevé que as autorizacións outórganse por períodos anuais, sendo obxecto de renovación previa solicitude do interesado por períodos sucesivos coincidentes co ano natural previa presentación da documentación orixinal esixida polo Concello.

Por tal motivo, rematado o período de autorización correspondente ao ano 2016, os titulares foron requiridos co fin de que solicitasen a preceptiva renovación para o ano 2017 no modelo formalizado proporcionado, outorgando un período de tempo para tal efecto.

II.- O órgano competente para o outorgamento das licencias municipais é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 18.2 do regulamento que dispón que se concederán “*previa comprobación dos requisitos legalmente establecidos*”.

III.- Comprobada a documentación presentada polos interesados dentro do prazo outorgado para a renovación de licencias, despois de emendar as deficiencias observadas inicialmente por cumprir cos requisitos esixidos, procede adoptar o presente acordo polo que se outorga a renovación para o presente ano 2016 das licencias municipais de venda ambulante das que son titulares as persoas que a continuación se identifican.

IV.- Do mesmo xeito procede tralo remate do proceso indicado declarar revogadas as licencias de venda ambulante daqueles titulares que non presentaron a súa solicitude de renovación dentro do prazo outorgado.

Á vista do anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local, ACORDA:

Primeiro.- Renovar as licencias municipais de venda ambulante para o ano natural 2017, ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP 08.04.2013) a:

-Ref: 92. A.P.B.

-Ref: 103. M.E.C.D.

-Ref: 135. M.A.G.R.

CAMBIOS TITULARIDADE:

-Ref: 48. I.N. - A.D.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como aos departamentos municipais de Tesourería, Estatística e Concellería de desenvolvemento económico e emprego local.



Expediente 2257/2017. C-17/08 (Adxudicación de postos vacantes no Mercado Municipal de Abastos)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Proposta de Alcaldía

Expediente nº: 2257/2017 C-17/08

Asunto: inicio do expediente para a adxudicación de postos vacantes no Mercado Municipal de Abastos.

Data de inicio: 11 de abril de 2017.

Á vista da proposta realizada pola concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, na que manifesta a conveniencia de adxudicar os postos vacantes no Mercado Municipal de Abastos, que na actualidade son 10 peixerías e 3 carnicerías, e de conformidade co establecido no artigo 109 e a Disposición adicional segunda do TRLCSP, a Xunta de Goberno acorda:

PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento para a adxudicación dos postos vacantes no mercado municipal de abastos.

SEGUNDO.- Que polos servizos técnicos municipais, se redacte o proxecto que servirá de base para a concesión administrativa de uso privativo dos postos vacantes, incluíndo a valoración do dominio público.

TERCEIRO.- Que por Secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

CUARTO.- Que polo departamento de Apoio Xurídico se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares que ha de rexer a concesión e o proceso de adxudicación.

QUINTO.- Que polo interventor se emita informe de fiscalización do expediente.

SEXTO.- De ser favorable a fiscalización previa, que se emita informe-proposta de Secretaría ao respecto.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE